



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

3ª REUNION

Convenio Colectivo (02/02/12)

Na dinámica da anterior Reunión, a Dirección, no día de hoxe, no seu anteproxecto propuxo seguir podando os seguintes artigos que se trataron.

- Vacacións.

Condicionar o pagamento por FRACIONAMENTO DAS 4 SEMANAS. É dicir, os 175 € que dan na actualidade non se pagarían no caso de non ser consecuencia de alta actividade; A C.I.G pediu elevar a cifra a 190 € máis 1 día de permiso individual.

Sobre o goce das vacacións á volta dunha I.T., e fora do ano natural, a Dirección, e apesares de varias Sentencias favorables, non quere contemplar no Convenio o recoñecemento que xa fixeron co Comité de Empresa.

- Licenzas.- A Dirección manifesta que as que temos a día de hoxe xa superan con creces o E.T., e que ademais lle supón un custe importante. É dicir, neste tema tampouco queren ir cos tempos. A C.I.G. expuxo a mellora dalgunhas delas e outras que dean para cubrir novas necesidades.

- Xubilacións.- Pendentes dun novo texto, a C.I.G. pediu que se nos condone a "entrega a conta que todos temos" na liquidación: Recoñecer ós Xubilados Parciais a dispensa absoluta do traballo ós que teñen 40 anos ou máis cotizados e o 50% para os de teñen 35.

- Tempos e Rendementos.- Neste Capítulo, a Dirección, manifesta que:

- - Os traballadores e traballadoras que desempeñan o seu traballo nas Cadeas son PRIVILEXIADOS, xa que conteñen un reparto cun tempo e unha produción a facer. É dicir, non entran a discutir a problemática que diariamente temos nas liñas.

- - E sen ruborizarse atrevéuse a pedir que se elimine o artigo que di, "A VELOCIDADE DAS CADEAS DE MONTAXE NON SE VARIARÁ DENTRO DUN MESMO REPARTO". O que significa traballar ó ritmo que cadre.

A C.I.G., en primeiro lugar, defendeu o mantemento deste Artigo como imprescindible.

Con respecto ó día a día sobre esta materia, malas composicións, cargas de traballo que exceden o tempo para desempeñalo, postos que teñen que contar con axuda continua para realízalos, a utilización torticeira do ANDON, ... etc. dende a C.I.G. pedimos que:

- ✓ - O KB dos postos de autonomía restrinxida sexa do 0"93, non podendo ser superado en ningún momento da xornada laboral.
- ✓ - Creación dun Regulamento coa Representación dos Traballadores/as onde se contemplen mecanismos específicos a utilizar en caso de que se teña que modificar a Composición
- ✓ - Tódolos traballadores/as teñen o dereito a recibir o reparto especificado por operacións así como o programa de produción por modelos, que será entregado, previa a súa posta en marcha, polo Técnico de Producción, o cal comunicará as modificacións tanto de tempos como operacións e as súas causas.
- ✓ - As formacións dos postos para a Quenda de Noite sexa de 24 horas produtivas.
...Por certo, se os/as que traballamos nas cadeas somos privilexiados/as...que serán os de garabata que miran para ela...

Confederación Intersindical Galega